


COMENTARIO DE TEXTOS



LITERARIOS

GUÍA PARA UN COMENTARIO

- O comentario dun texto literario deberá conter os seguintes pasos:

I. LOCALIZACIÓN

II. ANÁLISE DO CONTIDO

III. ANÁLISE DA FORMA


IV. CONCLUSIÓN

V. REVISIÓN




I. LOCALIZACIÓN

- **AUTOR:** ofrecer datos do autor, época, movemento ao que pertence... elementos que influíron no proceso creativo do texto.
- **TEXTO:** indicar o xénero ao que pertence, as funcións da linguaxe que predominan, etapa literaria... e explicar por que.



FUNCIÓNS DA LINGUAXE



II. ANÁLISE DO CONTIDO

- **ARGUMENTO** ou resume:

Que nos conta o autor?

- Debemos ser precisos e obxectivos. Non dar opinións persoas.
- Expresámonos coa nosa linguaxe, non copiando textualmente expresións do texto.

- **TEMA**

- Trátase de identificar a idea principal. Que di o texto?
- Debe ser condensado en poucas palabras: unha frase
- Debe ser: claro, breve e exacto...




Tempus fugit

II. ANÁLISE DO CONTIDO

- **NARRADOR – VOCES**

- Falamos de voces nos textos líricos.



I. ANÁLISE DO CONTIDO

● ESTRUTURA

Refírese a distribución do contido e aos seus significados ao longo do texto.

● TIPOS

- Clásica (introdución, nó e desenlace).
- Lineal
- **Circular**
- Aberta / pechada

PENÉLOPE

*Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
I a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza,
Aran os bois e chove.*

*Un bruar de navíos lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves escoitar a chuva.
[...]*

*Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
un paso adiante i outro atrás, Galiza!*

ANÁLISE DO CONTIDO

- **PERSONAXES** **Quen?**

Son os suxeitos da acción.

- **TIPOLOXÍA**

- principais /secundarios.
- Protagonista/antagonista.
- Reais /imaxinarios.
- Planos /redondos
- Colectivos

- **ESPAZO** **Onde?**

É o lugar onde ocorren os feitos (real, abstracto, rural, aberto, pechado, máxico...)

- **TEMPO**

Refírese a **cando?**


- Externo: datas, época
- Interno: **A orde** pode ser: lineal ou anacrónico (analépses, prolépses)

Cantidade e ritmo:

- Rápido: resumo, elipses
- Lento: descrición...

II. ANÁLISE DA FORMA

- Atenderemos a tres niveis:
 - **Plano fónico**
 - **Plano morfosintáctico**
 - **Plano léxico-semántico**



PLANO FÓNICO

- Encárgase no xénero lírico (poesía) da media dos versos, rima, estrofas..., e artificios literarios como: onomatopeas, aliteracións....

***“Pende que pende Penélope
pensativa
Perdo novelo novamente canto”***

*“O lobo! Os ollos
o lombo do lobo!
baixa o lobo polo ollo do
bosco coma un sono”*

PLANO MORFOSINTÁCTICO

- Fai referencia a abundancia ou ausencia de categoría verbal ou nominal (substantivos e adxectivos), que tipo de sintaxe predomina (coordinación, subordinación....).
- Artificios literarios como: epítetos, paralelismos, hipérbatos, **anáforas**..

*Era Galicia un puro val ou oco,
de densidade verde e fume
morno.*

*Era Galicia a chaira máis espida,
inerte neve sobre illó de lodo.*

***Era Galicia** esguío vento agudo*

....

(Méndez Ferrín)

PLANO LÉXICO-SEMÁNTICO

- Dá conta do vocabulario empregado que caracteriza a temática, grupo social que o emprega (arcaísmos, vulgarismos, frases feitas, normalizada...).
- Analizamos os campos semánticos, familias léxicas, ademais dos tropos ou figuras literarias (**metáfora**, símbolos, sinestesias, imaxes, **hipérbole**...).

“Dime a onde vas, miña cerva ferida”

“...hoxe cásanse os paxaros”

***“Sinto no peito uns afogos
que parece que mo morden
sete ducias de cans
dogos”***

CONCLUSIÓN E VALORACIÓN

Nesta fase sistematízanse as principais observacións anteriores. Debe darse unha opinión persoal razoada cunha valoración crítica.